

*Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Asociación Socio Cultural ASCM*

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

**DECLARA:**

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Asociación Socio Cultural ASCM o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata finais do curso académico 2027-2028, isto é o día 31 de agosto de 2028, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Socio Cultural ASCM nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con diversidade física e intelectual.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a Asociación Socio Cultural ASCM é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito local, situada na comarca de Ferrol constituída por iniciativa dun grupo de persoas sensibilizadas cos diversos tipos de discapacidade, que ten entre os seus principais fins os seguintes:



- a) Traballar pola mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade en tódolos eidos da súa vida en xeral e no laboral en particular.
- b) Conseguir unha integración social "real" facendo extensivo este propósito a toda persoa con discapacidade; recoñecendo que o primeiro dereito de calquera persoa discapacitada é chegar a non selo.
- c) Apoiar ás familias para mellorar as súas condicións de vida e as dos seus familiares con discapacidade.
- d) Formar ás persoas con discapacidade física coa finalidade de promover a súa integración social e laboral.
- e) Implementar, planificar e programar todo aquilo que contribúa á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade física.
- f) Determinar a actividade da asociación, dentro dos seus fins, cara aqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións acordaron sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con diversidade física e intelectual, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase



xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

